



## **DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz**

### **APERTURA DO CURSO 2024-2025**

**Pazo de Fonseca – 13.09.2024 – 12.00 h**

---

---

Vicerreitoras e Vicerreitores.

Secretaria Xeral, Prof. Antonio Rodríguez Núñez, Presidente do Consello do Estudantado.

Membros do equipo de goberno e persoal directivo da universidade.

Ex reitores Villares, Casares, Viaño,

Valedor da Comunidade Universitaria

Decanas e decanos, directoras e directores de departamentos

Membros do Consello Social e do Consello do Estudantado

Presidenta do Consello da Cultura Galega

Presidente do Consello Económico e Social

Arcebispo de Santiago

Xerente do SERGAS

Directora da EGAP

Deputado autonómico.

Membros das Corporacións municipais de Compostela e Lugo

Xerente do SERGAS.

Presidente da ACSUG

Presidente da Real Academia Galega e da Academia Galega de Farmacia,

Subdirectora xeral de promoción científica e tecnolóxica

Membros das forzas e corpos de seguridade

Profesorado, persoal de administración e servizos, estudantes, donas e señores,



Sinalaba no meu discurso de inauguración do curso pasado que se ían cumprir 100 anos desde que Luisa Cuesta Gutiérrez fixera os seus estudos de Dereito na nosa Universidade, sendo a primeira muller en matricularse neses estudos logo do seu traslado á nosa cidade para dirixir a Biblioteca Universitaria e despois de ter estudiado Filosofía e Letras en Valladolid, así como de ter superadas as probas para o acceso ao corpo de Bibliotecarios. Sumábase a outras pioneiras no ámbito da Farmacia (Manuela Barreiro Pico) ou da Medicina (Elisa e Jimena Fernández de la Vega), estudos que ata 1922, na que se incorporan Filosofía e Letras (sección Historia) e Ciencias (Sección Química), eran os únicos que compoñían a oferta formativa da nosa Universidade. Tiveron que pasar 100 anos dende que Luisa Cuesta se convertese nunha das 5 primeiras mulleres en obter un título de Dereito en España, ata que outra muller Licenciada na nosa Facultade de Dereito, Isabel Perelló Domenech, fose a primeira en acceder á Presidencia do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial. Un longo camiño cheo de dificultades para a igualdade de dereitos con protagonismo das nosas pioneiras, das que sentimos tanto orgullo.

Se a iso engadimos que outro ex estudante de Compostela, Cándido Conde-Pumpido Tourón, preside o Tribunal Constitucional, podemos licitamente sentirnos reconfortados co papel protagonista que o estudantado egresado da nosa Alma Mater compostelá está a desempeñar na cúpula xudicial, o que di moito e ben do traballo aquí feito.

Neste curso que agora empeza temos outra efeméride de relevancia, na que tamén é protagonista Luisa Cuesta Gutiérrez, xa que se cómpren 100 anos dende que o 27 de outubro de 1924 se convertese na primeira muller en impartir unha clase na nosa Universidade. É máis, podemos dicir que foi a primeira muller docente da universidade española en obter unha remuneración económica en igualdade de condicións aos homes. Non debemos esquecer que Emilia Pardo Bazán tomara posesión o 26 de maio de 1916 da súa cátedra de Literatura contemporánea de linguas neolatinas, se ben polo procedemento especial previsto na lei Moyano, que dispensaba do título de licenciado nestes casos vinculado a estudos de doutoramento; nin tampouco que a mesma Luisa Cuesta fora nomeada auxiliar interina gratuíta



na Universidade de Valladolid para o curso 1918-1919. En Santiago Luisa Cuesta pasaría a recibir 2000 pesetas por materia impartida, que era o habitual daquela.

É de xustiza recoñecer como se merece, e así tentaremos de facelo ao longo deste curso, a quen foi quen de abrir esa porta pola que logo irían transitando outras particularmente neses cinco anos de ensoños, nas verbas de Delgado Gurriarán, que precederon aos tres de morte cos que se pechou violentamente, e por moitos anos, esa entrada.

Hoxe empezamos un novo curso académico no que contamos con 4881 novos alumnos de primeira matrícula para un total de 4709 prazas ofertadas. Aínda que é certo que hai algunhas prazas vacantes nunhas poucas titulacións, temos unha taxa de ocupación do 103,6 % como consecuencia dalgunhas matrículas por enriba da oferta naquelas titulacións con máis demanda.

Confírmase así un incremento sostido na matrícula en ámbolos campus da Universidade: o estudantado de primeira matrícula dos Campus de Compostela incrementouse dende 2018 nun 11 %, mentres que o do Campus de Lugo incrementou a cifra nun moi salientable 48%. Fronte ao curso pasado temos un incremento de 92 estudantes máis en Lugo e 103 en Santiago. Estes datos, xunto con outros como taxas de demanda, notas de corte, ou estudantes matriculados na USC como primeira preferencia, permítenos afirmar o axeitado da nosa oferta docente, así como a capacidade da Universidade para atraer estudantado tanto galego como de fóra de Galicia. Porén, non podemos obviar a ameaza que supón a crise demográfica que se acentuará a partir de finais desta década e sobre a que volverei nun momento posterior.

É posible que algo tivera que ver neste incremento de matrícula deste curso a implantación dun réxime de bonificación dos prezos públicos universitarios do 95% para aqueles estudantes de primeiro curso que tivesen feito as probas de ABAU en Galicia ou para os de continuación de estudos que superasen unha porcentaxe mínima de créditos, dependendo do ámbito dos seus estudos.



Como Universidade sempre estaremos a favor das medidas que favorezan o acceso á Universidade de todas as persoas, con independencia da súa condición social ou económica, e estas bonificacións van nesa liña, ao tempo que seguen nunha tendencia focalizada no centro e norte de Europa, particularmente en países como Alemaña, Austria, Dinamarca, Suecia Noruega, ou Finlandia, entre outros, nos que, cuns matices ou outros, téndese a gratuidade dos estudos universitarios

Non obstante, os prezos públicos universitarios, particularmente en Comunidades como a nosa, na que eran dos máis baixos do Estado (situándose entre 591 e 835 euros /curso, segundo o tipo de estudos) non eran o principal obstáculo económico para o acceso ao ensino superior. Como moi ben acaba de salientar o Presidente do Consello do Estudantado no seu discurso, os custos de residencia, materiais para o estudo e a vida fóra do domicilio familiar seguen a ser condicionantes moi destacados para o acceso aos estudos superiores en igualdade de oportunidades. Por iso, segue a ser necesario un sistema de bolsas e axudas ao estudo crecentes por parte do Estado que benefician no caso da Universidade a case que o 50 % do seu estudantado de Grao. Cando se fala de incrementar o financiamento público do ensino superior ata o 1 % do PIB en 2030, como establece a LOSUE, hai certo consenso en que unha parte dese financiamento adicional debe reforzar o sistema de bolsas.

Ademais das contías e importe total das bolsas, o incremento dalgunhas das partidas de custo do estudantado, especialmente da vivenda, aconsella a revisión, para incrementalos, dos niveis de renda que permiten beneficiarse de cada unha das modalidades das axudas como se acaba de anunciar.

Pero, aínda así, somos conscientes de que o problema do aloxamento universitario, de forma xeral, pero moi especialmente en cidades cunha forte presión turística como esta na que nos atopamos, ten acadado unha dimensión que fai que a súa solución requira de medidas que van máis aló do sistema de bolsas e axudas. A Universidade convoca 910 prazas nas residencias propias cuns prezos establecidos en función dos niveis de renda e que para o tramo inferior permite acceder a un cuarto por 46 euros/mes se é



dobro ou 62 se fose individual. E como o criterio económico é determinante para o acceso ao sistema, arredor dun 40 % dos residentes beneficianse deses prezos reducidos.

Se a esta oferta propia se engaden as prazas de residencia ofertadas por colexios e residencias adscritas coas que se formalizan convenios de colaboración, a oferta achégase ás 1800 cuartas, o que nos sitúa, tanto polas prazas de residencia propias como polas vinculadas, como unha das Universidades coa maior ratio de prazas de residencia por estudantes matriculados do sistema estatal de universidades. Aínda así, somos conscientes de que a solución deste problema non pode recaer en exclusiva na Universidade, polo que se fai precisa a colaboración das diferentes administracións, cada unha dentro do seu ámbito de competencias, para mellorar a oferta de solucións habitacionais para o noso estudantado.

Ademais da vivenda, tamén nos preocupa que o custo doutros servizos como os de mantenza podan ameazar a continuidade daqueles estudantes cunha situación económica, social ou familiar de necesidade e que non dispoñan de outras axudas. Por este motivo, convocamos 1040 bonos de mantenza, que cobren 80 menús cada un, por un importe de máis de medio millón de euros.

E ao mesmo tempo imos reforzar o servizo de atención psicolóxica para o estudantado, una vez que comprobamos a alta demanda e necesidade deste servizo. Teríamos que ir pensando que, mais aló destas iniciativas puntuais das Universidades, sería moi convinte artellar unha solución de carácter xeral, na liña da que se acaba de implantar en Portugal, contando coa colaboración do Estado, Comunidades Autónomas, a propia Universidade e os Colexios Profesionais. Ademais de mellorar os resultados nos estudos dos universitarios, estaríamos mellorando tamén a saúde mental da sociedade.

Todas estas son accións coas que estamos comprometidos que van na liña demandada polos representantes do estudantado e ás que estamos a destinar recursos propios da Universidade para asegurar a igualdade de oportunidades, peza clave para que a Universidade siga a ser ese ascensor social do que moitos nos temos beneficiado.



Tamén relacionada coa saúde da cidadanía, e particularmente cos cuidados intensivos e paliativos, vimos de escoitar a suxestiva lección maxistral do profesor Antonio Rodríguez Núñez, en representación da nosa Facultade de Enfermería, quen lle correspondeu por quenda rotatoria o protagonismo neste acto inaugural. A súa aposta pola humanización dos cuidados neses momentos críticos materialízase na frase de Ceconi que el fai súa e que seguro a todos nos soa especialmente ben: “Nos cuidados intensivos o máis importante non é a tecnoloxía senón os pacientes, as familias e o equipo asistencial”, en definitiva as persoas. E recollo tamén o reto que supón para a Universidade: se iso é importante, temos que incluír as competencias precisas nos nosos programas formativos para facer posible esa humanización, tanto nos graos como na formación especializada e, con carácter transversal, nos distintos ámbitos de coñecemento.

Se miramos cara adiante, este curso 2024 que hoxe inauguramos formalmente na nosa Universidade vai estar marcado por tres eixes centrais de actuación:

1.- En primeiro lugar, polo desenvolvemento e aplicación do establecido na LOSUE publicada en 2023.

Atopámonos así coa adaptación demandada no réxime do noso profesorado asociado que ve limitada a súa dedicación a 120 horas por unha banda e, por outra, pasa a converterse en figura con contrato indefinido. Aínda que na recente modificación da LOSUE se ampliou ata xuño de 2028 o prazo para a posta en marcha destas medidas, e grazas que a nosa Universidade fixo un uso racional e comedido destas figuras, estamos en condicións de ter completamente regularizados todos os contratos, tanto na súa dedicación como na súa duración, a finais deste mes de setembro, sendo a primeira Universidade que completa este proceso.

- Como seguramente coñecen, o Goberno puxo en marcha o Plan Integra para cubrir, conxuntamente coas CCAA, os custos das prazas de Axudantes

Doutores precisas para atender tales cambios de dedicación. Á nosa Universidade correspóndenlle 53 prazas, (32 financiadas polo Estado e 21 pola Comunidade Autónoma). Confiamos en que, sen demorar o proceso, poidamos asinar o convenio correspondente e imputar ao mesmo parte das prazas creadas na planificación ordinaria, como as que se doten na planificación complementaria que se aprobará este mesmo mes.

-Tamén dentro do programa de desenvolvemento da LOSUE temos que enmarcar o proceso de reforma estatutaria, que debe rematar antes do transcurso de tres anos dende a súa entrada en vigor, é dicir, antes do 12 de abril de 2026. Con este obxectivo poremos en marcha de xeito inmediato o procedemento para a aprobación de novos Estatutos que contemplará os seguintes pasos, de acordo co disposto nos Estatutos actuais:

- a) Por parte do equipo de goberno elaborárase un documento base inicial que se someterá a un proceso de información pública diante da comunidade universitaria.
- b) Á vista das suxestións recibidas, someterase o documento á aprobación do Consello de Goberno, do que xurdirá , no seu caso como Anteproxecto.
- c) Ese Anteproxecto será remitido ao Claustro e será debatido, e no seu caso modificado pola Comisión de Desenvolvemento Estatutario, que aprobará o Proxecto de Estatutos.
- d) O Proxecto de Estatutos será sometido a emendas, debate e finalmente aprobación polo Pleno do Claustro Universitario.
- e) Tralo control de legalidade que lle corresponde á Xunta de Galicia, os novos Estatutos serán publicados e entrarán en vigor.

Máis aló dalgunhas modificacións que veñen directamente impostas pola Lei, na medida en que desaparece a conformación uniforme e común para todas as Universidades e se deixan amplos ámbitos de decisión a cada unha delas, ábrese unha oportunidade para que, atendendo ás peculiaridades da nosa, poidamos decidir sobre cuestións importantes referidas á súa organización que van dende a composición dos órganos de goberno ata as estruturas que a conforman, tanto nos aspectos docentes como na investigación. É unha gran



ocasión para decidir se queremos ser unha Universidade de Facultades, que parece ser a peza esencial da nos actividade docente, ou Departamentos, ou se na organización da investigación procede manter a dualidade de Institutos e Centros ou optar claramente pola fórmula que se considere como mais operativa para o mellor logro de resultados.

2.- Unha segunda liña de actuación terán que ver coas titulacións. Dunha parte, a revisión da normativa autonómica, particularmente no que ten que ver co número mínimo de estudantes por titulación, e doutra parte, coa necesaria posta ao día do mapa de titulacións, tanto na oferta máis tradicional de graos, máster e doutoramento, como na implantación das novas modalidades de microcredenciais que están chamadas a xogar un papel central na formación de recualificación ou formación ao longo da vida.

3.- A terceira das prioridades deste curso 2024/2025 vai ser facer realidade algún dos grandes proxectos de infraestruturas que nos temos marcado como obxectivo no plan aprobado polo Claustro e polo Consello de Goberno, e incorporado como tal no recente aprobado Plan Estratéxico. Mencionarei soamente dous:

En primeiro lugar, e como obxectivo absolutamente prioritario, precisamos pechar o cadro financeiro plurianual que nos permita licitar sen máis demora a Fase I do proxecto da Cidade da Saúde, que se corresponde cos espazos destinados á docencia teórica e práctica, e tamén aos dedicados á xestión e goberno da Facultade de Farmacia. Para completar ese cadro, ademais dos fondos xa comprometidos do Plan Especial de Infraestruturas dotado pola Xunta, dende a Universidade propuxemos diversas fórmulas que van dende aportacións directas da propia CA, ata outras centradas en operacións de crédito da Universidade, sexa con anticipos autonómicos ou con outras modalidades de endebedamento ou refinanciamento da débeda actual. Este recurso ao crédito é posible polo rigor e exemplaridade demostrados a longo destes últimos anos na xestión dos recursos nos que temos amortizado máis de 17 millóns de euros ata reducir a débeda viva a 12 millóns.

O outro proxecto tamén prioritario ten que ver co traslado da Facultade de



Formación do Profesorado de Lugo ao Campus Universitario, operación para a que se conta coa achega financeira da Consellería a cambio da cesión do inmovible actualmente ocupado pola Facultade. Tamén aquí o obxectivo é acelerar a licitación para así poder iniciar as obras.

Vou rematando xa. Compre salientar que mentres iniciamos o curso con normalidade en Gaza máis de 630.000 estudantes non regresarán ás aulas de institutos e universidades. Algúns porque foron vítimas dun xenocidio inxustificable e que segue a ser unha vergoña para toda a comunidade internacional. Outros porque os seus institutos ou universidades foron destruídos noutro acto de barbarie inexplicable.

Tampouco en Ucraína se puido iniciar o curso con normalidade. O primeiro día de clase, coñecido como Día do Coñecemento, desenvolveuse en varias localidades baixo o ataque armas rusas e nas zonas máis próximas ao fronte búscanse fórmulas non presenciais para evitar os riscos.

Ademais de redobrar, dentro das nosas capacidades, as medidas de axuda directa ás vítimas destas catástrofes humanitarias, é o momento de reclamar o alto o fogo, que cese o xenocidio e a guerra para que calquera persoa, en calquera parte do mundo, poida vivir e formarse en paz.

DIXEN